



DOUS ANOS SEGUIDOS SEN AUGA: O QUE O ALCALDE NON QUERE QUE SAIBAS

Entre o 9 e 13 de agosto, Neda quedou sen auga. Outra vez. Sen aviso. Os veciños tivemos que ir a encher garrafas, como hai un século. Ante a grave situación, que se repite outro ano máis, MOVENEDA solicitou unha reunión da Xunta de Portavoces, para que alcalde e técnicos de VEOLIA explicasen ós representantes dos veciños qué pasou esta vez.

A VERSIÓN DO GOBERNO MUNICIPAL

Segundo contou Alvariño na reunión, e despois na prensa, o problema desta vez foi que, coa seca do Belelle, Neda pasou a depender case en exclusiva dun trasvase que chega dende As Forcadas por Narón. O domingo 9, a aportación baixou de 70 a só 20m³ diarios. A causa, di, foi que MEGASA estaba a consumir 90m³ diarios. En resume, que a culpa foi de MEGASA.

ESTAMOS FARTOS DE EXCUSAS BARATAS

Botarlle a culpa a MEGASA é un pretexto indefendible. O alcalde non explica as razóns polas levamos **xa dous veráns seguidos** sen subministro durante días enteiros. É certo que o Belelle quedou sen auga e que para alimentar o sistema houbo que coller auga dende Narón. Este aporte é insuficiente porque non é a fonte principal de auga a Neda, só un apoio.

O problema é que **o sistema de auga de Neda non está preparado para aguantar** secas nin avarías.

- En agosto de **2025**, o corte foi por rotura na condución do Belelle á ETAP de Os Pazos, con catro fugas detectadas.
- En **2026**, foi a seca do Belelle e que a alternativa dende Forcadas a través de Narón é insuficiente e unha chapuzada.

Dous anos, dúas causas distintas, un mesmo resultado: Neda sen auga. Iso non é mala sorte, é un **sistema sen marxe, sen reserva, sen planificación e sen alternativas**, onde calquera incidencia tira todo abaixo.

A “seca” deste verán tamén afecta a Narón, Fene e Ferrol, e ahi non teñen cortes de auga. Que ten Neda de especial? Quedamos sen auga por culpa dunha **xestión negligente**; por una **acumulación de falta de mantemento e nula planificación e previsión** durante máis dunha década.

Sabían que isto podía ocorrer. En 2020, a concesionaria (daquela VIAQUA) presentou a alcaldía un documento con **propostas de mellora** para reforzar a **captación** de auga en Neda. Avisaban que isto podía pasar. Seis anos despois, **ningunha das melloras propostas está executada**. Os gobernos de Alvariño non teñen proxecto a 5, 10 ou 15 anos vista: **Non planifican, non hai traballo previo**, non son capaces de poñer a vista no futuro.

MOVENEDA leva anos reclamando reforzar a rede de auga de Neda, en especial a captación. O único que obtivemos e **desprezo, silencio e obstrución** por parte do alcalde.

Obstrución, por exemplo na **ocultación durante case 10 anos do contrato de concesión do servizo da auga**. Non coñecer as condicións da concesión impide que os veciños poidamos defender os nosos dereitos. Entón, para quen traballa o alcalde?

Ata este punto chegan as manobras, estas son as causas, polas que temos que carretar garrafas.

AS PREGUNTAS QUE ALVARIÑO TEN QUE RESPONDER

Hai preguntas que o goberno municipal non quere responder. O alcalde debe dar respostas nunha **assemblea veciñal**. Unha nota no Facebook non serve, debe da-la cara e explicarse ante os veciños.

- ¿Por que a rede de Neda non ten **sensores de alerta mínima nos depósitos** que permitan planificar o consumos en vez de deixar á xente sen auga por sorpresa?
- ¿Por que non está constituída e se reúne con regularidade a **Comisión de Seguimento e Control do servizo** que o propio contrato da auga obriga a crear?
- ¿Está activo o **Fondo de Renovación de instalacións** previsto no contrato? Que saldo ten e que obras financiou? Se non é así, por que?
- ¿Por que a obra do **segundo depósito de Os Pazos**, aprobada en pleno en novembro de 2025, segue nove meses despois "*en fase de licitación*"? ¿Quen está frear as licitacións?
- ¿Da memoria técnica de VIAQUA 2020, **que medidas se executaron e cales non?** Por que?
- ¿Solicitou o Concello a **declaración de "episodio de seca"** na Xunta para poder acollerse ao réxime de contratación de emerxencia previsto na Lei 9/2019, que permitiría acelerar os prazos ordinarios de licitación? Se non o fixo en 2025, pensa facelo antes de que remate 2026?
- ¿Por que este ano non convoca xa unha **reunión coa veciñanza** como fixo en 2025, cando a situación de 2026 é aínda máis grave?

QUÉ PROPÓN MOVENEDA?

Medidas inmediatas, ante calquera crise futura:

- En caso de corte de auga, hai que ter un **sistema porta a porta proactivo**, coordinando SAF, Servizos Sociais, Policía Local e Protección Civil, para atender a persoas maiores, con mobilidade reducida ou dependencia, sen que teñan que chamar elas primeiro.
- **Descentralizar os camiións cisterna:** non só en Albarón, tamén no Roxal, Casadelos, o Puntal e outros lugares. Non todo o mundo ten coche para carretar garrafas.
- Ver a posibilidade técnica de **habilitar duchas de emerxencia** no Pavillón Municipal.
- **Horarios de regulación** coñecidos con antelación, en vez de cortes repentinos.
- Avaliar a posibilidade de subministro para panaderías, hostelería, lavanderías e outros servizos como o albergue de peregrinos.

Medidas de fondo, para que isto non se repita un terceiro ano:

- Aproveitar para **limpar agora os depósitos e alxibes municipais**, que está baixo mínimos e mellorar a súa capacidade real. Tamén **limpar a captación do Beelle e revisar todo o Canal da Mariña**, retirando os sedimentos acumulados.
- **Desconto automático e proporcional na factura** polos días sen servizo (VEOLIA incrementou o seu beneficio un 11% en 2025, superando os 2.845 millóns de euros).
- Ventanilla no concello para **reclamar danos e prexuízos** a veciños e negocios afectados.
- **Remunicipalización do servizo**, seguindo exemplos en Galicia: **Teo** aforrou 250.000€ no primeiro ano tras remunicipalizar; **Arteixo**, gobernado polo PP, captou máis dun millón de euros en fondos europeos para modernizar a rede. Non é cuestión ideolóxica: é xestión.
- Constitución xa da **Comisión de Seguimento e Control do servizo e do Fondo de Renovación**, que o propio contrato da auga obriga a crear.

Levamos sufrindo dous anos seguidos un **sistema que colapsa** porque **o goberno non fai absolutamente nada**. Non pode ser que "*a culpa é de outro*" sexa a **excusa permanente**. Un concello non se pode gobernar ao día. MOVENEDA esixe explicacións e respostas, planificación e traballo.